

ROGO DE AER SOBRE ESPECIES INVASORAS E FLORA AUTÓCTONA

PLENO 28 XUÑO 2012. ACTA 11/2012

Vista a propensión deste equipo de goberno a tallar, podar e desbrozar sen ton nin son. Vistas as podas desproporcionadas, desbroces nos que se corta a flora autóctona e se deixan especiais invasoras como os plumeiros ou herbas da Pampa (Cortadería selloana, especial altamente invasora procedente de América do Sur) e as faltas acacias (Robinia pseudoacacia L, tamén invasoras). Rogamos ao equipo de goberno que, antes de levar a cabo este tipo de accións, busquen o asesoramento polos menos dos técnicos de medio ambiente do concello, e que procedan á corta dos plumeiros do río Pexegueiro e tallen as mimosas (acacia dealbata, especie altamente invasora) que invaden o paseo que rodea a EDAR. Tamén rogamos que no concello de Redondela se empregue a partires de agora flora autóctona nos parques, xardíns, paseos e rotondas.